

Intervención premiado Diego Bernal 2021

Despois dos agradecementos:

Si que debo dicir algo da profesión, porque esta celebración está vencellada co patrón dos periodistas, xa que tiña que ter sido o 24 de xaneiro.

Pero vou ser breve para non retrasar o almorzo.

Profesión emocionante

Temos una profesión emocionante, chea de constantes cambios de temas, de focos de atención, así como de situación persoais e económicas que paga a pena vivila.

Temos tamén moitos retos e moitas posibilidades, maneiras e formatos de exercer o xornalismo na etapa que nos tocou vivir.

Pero tamén estamos nunha crise que so podemos superar con maior calidade informativa, maior incremento do prestixio do xornalismo e con maior esforzó profesional e empresarial, para que poidamos seguir sendo un auténtico servizo público, estimado e desexado pola sociedade.

So vou facer algúns apuntamentos moi breves de ideas nas que creo que paga a pena pensar e desenvolver para ser cada vez máis ese servizo público do que todos estamos orgullosos.

Entre “Los papeles del Pentágono” y “El Gran Carnaval”

Temos tamén que facer un constante esforzó para mante-lo prestixio da nosa profesión e iso, o meu parecer, supón manter sempre moi presentes os principios básicos do xornalismo, -aínda que vexamos tódolos días o éxito que ten a información espectáculo ou aquela que os clásicos chamaban periodismo amarillista e que hoxe quizá pode incluírse no que se deu en chamar información basura ou periodismo basura-.

A nosa profesión moitas veces se move entre a gran precisión, análise e estudos xurídicos como os reflectidos na película “Los archivos del Pentágono” o “Detrás de la noticia”, e no lado contrario como “El gran carnaval” de 1951, xunto coa maxistral “Primera plana” de 1974, donde a explotación comercial da noticia está por riba do rigor e da ética. Entre estes dous polos está o vida normal do xornalista.

Pero volver ós principios non quere dicir volver ás orixes, á mesma forma de facer, senón que debe ser un empeño por manter, un desexo anovar e poñelos en primeiro plano, un esforzó por promover as características propias da profesión, unha ilusión por adaptalas as novas situación sociais e xornalísticas que nos tocou vivir,

Promover o sentido crítico

Creo que sería moi bo para o xornalismo promover e desenvolver nos profesionais e nos estudantes o **sentido crítico**. Esa capacidade de someter a análise calquera afirmación ou dato que se nos ofrezca, especialmente aqueles que queremos que sexan certos, aqueles que estamos máis desexosos de que sexan verdade. Ese é o momento de buscar o contraste, a constatación de que a afirmación está de acordo coa realidade e non aceptala e publicala por estar de acordó co desexo persoal noso de xornalista.

Pensar no lector, no ointe e no espectador

Sería moi bo, analizar e revisar con certa frecuencia se estamos a facer o noso traballo pensando no lector, ointe o espectador. Se todo o que escribimos dicimos ou amosamos en audiovisual é entendible para o público. Se a falla de datos non introduce máis dúbidas que información. A televisión ofrece moitas veces localizacións, persoas ou actitudes que non son suficientemente explicadas e que producen dúbidas constantes no espectador. As veces vemos que custa moito chegar ó sustancial da nova escrita porque hai introducción moi estensas e case confusas. Igual nos pode suceder coas novas de radio, cando hai precipitación e non se respecta a expresión fonética.

Non esquecer as cinco preguntas básicas

Por isto mesmo, creo eu, sería moi interesante esforzarse por responder axeitadamente as cinco preguntas clásicas, tan elementais e tan esquecidas moitas veces: qué, quen, ónde, cómo, por qué. Son respostas que representan a única forma de entender una noticia en toda a súa extensión. En moitas ocasión, o desexo de poñer cebos rechamantes que non responden a o que se está a anunciar para que se atenda a noticia, acaba producindo frustración no lector, ointe ou espectador.

Ser referente de contraste de noticias falsas

Outro dos principios que deben ser sometidos a revisión con certa frecuencia é o **rigor dos datos** que estamos a ofrecer. Nos tempos actuais temos nas nosas máns a posibilidade de contrastar calquera dato, calquera concepto ou palabra. Póderíase afirmar que non temos motivos para dudar de ningún dato, xa que contamos con Google, que nos ofrece ó instante calquera confirmación.

A Prensa, no seu sentido extenso debe ser o punto de contraste de todas aquelas informacións falsas ou esaxeradas que pode publicar calquera espontáneo ou organización interesada nas redes sociais.

Periodismo de precisión

Tamén axudará a o prestixio no noso traballo intensificar aínda máis o periodismo de precisión, de análise de datos a fondo, de sacar conclusión que poidan servir á cidadanía de moitos datos que poderían publicarse sen entender o seu sentido ou a súa transcendencia. Creo que este é un aspecto importante porque os xornalistas, en xeral, temos certas dificultades coa

interpretación do sistema métrico decimal, e coas proporción reais das grandes medidas.

Políticamente pouco corretos

Penso que pagaría a pena unha análise e valoración do que se pode chamara autocensura dos profesionais que leva a utilizar so expresións políticamente correctas en lugar de charmar ás cousas e realidades polo seu nome. Revisar se non hai una certa tendencia a insultar ou calificar crudamente algunhas realidades ou persoas o mesmo tempo que se suavizan calificativos e realidades do senso contrario cos que o xornalista pode estar máis identificados ou resulta máis aceptado entre o colectivo profesional. Son aspectos nos que todos podemos caer e que restan credibilidade ao profesional é o medio.

A situación das empresas e a actitude dos lectores ou usuarios non he moi favorable ás veces a que esto poida ser posible, xa que esta proposta supón invertir máis en boas cabezas, en capacidade de pensar, supón incrementar custos do produto, coa conseguinte dificultade de venda.

Tamén supón un esforzó profesional para os responsables das redaccións, porque require máis atención ós traballos dos redactores, dedicar moito mais tempo cando as a dedicación nos medios privados xa ocupa moito.

En definitiva, todo o que mellore o produto que ofrecemos ós lectores, ointes e espectadores axudará a que se manteña ou recupere o prestixio do Xornalismo para que poida axudar á sociedade a mellorar as súas condicións de vida.

E nos sequiremos a traballar nunha profesión emocionante.

Moitas grazas.